

# CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

Nº 81
OUTUBRO-NOVEMBRO 2006
Editado 10/11/06

## NOVO CARNÉ DE SOCIO

Despois de dous anos de traballo, por fin temos rematada a nova Base de Datos dos Socios, e por fin podemos editar os novos CARNÉ de SOCIO. Con esta nova Base e os carnés, ademais doutras actuacións anteriores, cumprese o obxectivo de facilitar e mellorar a administración do Club, obxectivo previsto e acadado pola actual directiva, que está a piques de rematar o seu ciclo ao fronte da nosa entidade.

Trátase dun carné tamaño estándar (tipo tarxeta de crédito) e con banda magnética. Por unha cara estará a imaxe do Club e pola outra os datos do socio correspondente.

Cada socio pode solicitar o seu novo carné, sen custe algún. Só pedimos que antes de imprimilo cada socio revise os seus datos persoais da nova Base de Datos, para desta forma facer a derradeira comprobación mellorando o funcionamento da administración. A entrega é inmediata, inda que ao principio poda haber algún atraso por mor da demanda ou por axustes de formato e xestión.

Co novo carné, e unha vez efectuadas as aplicacións informáticas precisas, cunha simple pasada polo lector da banda magnética, un socio pódese anotar a unha actividade, solicitar material deportivo, ou un libro, un refuxio, etc. Os socios que por diversas circunstancias non son asiduos ao local social e soen anotarse as actividades por teléfono, o poden seguir facendo indicando o seu nº de socio. Deste xeito e grazas á conexión do lector coa nova Base de Datos, cada socio quedará rexistrado no historial correspondente (de actividades, de licencias, de material, biblioteca...) e ademais o Club poderá saber inmediatamente se o socio está ao corrente do pagamento da súa cota social, se está federado, etc. polo que se conseguirá una modernización e axilización do traballo da oficina e polo tanto un beneficio para os socios.

Neste número:

<i>Novo Carné de Socio</i>	1
<i>Axenda</i>	2
<i>Información Xeral do Club</i>	2
<i>Eleccións 2006</i>	3
<i>Lembranza</i>	4
<i>Infantil</i>	5
<i>Escalada</i>	6
<i>Montañismo</i>	6
<i>Senderismo</i>	8
<i>Descenso de canóns</i>	8
<i>EspeleoSección</i>	9
<i>Vindeiras Actividades</i>	12



**Sechu,  
Presidente (en funcións)**

E por se todo o comentado fora pouco, co novo carné o socio segue podendo "presumir de Club"

Foi para min un pracer servir ao Club durante os últimos anos. Coa presentación do modelo de novo carné, e só a falta da revista en cor, despídome dos lectores dándovos as grazas a todos polo apoio que teño recibido e por tantas e tan boas colaboracións.

<b>Club Montañeiros Celtas</b>	
Socio:	7.991
Nome:	José "Sechu"
Apelidos:	López Pérez
Data alta:	01/02/1993
Clase:	Socio de Número
Data expedición:	26/10/2006



## AXENDA

- Venres, 24 novembro “Escalada en rocha, en Yosemite e Alpes”, por José Juan Domínguez. Proxección de vídeo dixital. No Club ás 20.30 horas
- Venres, 15 decembro “Votacións a Presidente do Club”, segundo o Calendario Electoral, e só no caso de presentarse máis dunha candidatura a Presidente. No Club de 19.30 a 21.30 horas.
- 16-30 de decembro “Exposición das mellores imaxes do V Concurso de Fotografía de Montaña” e “Exposición de imaxes das actividades montañeiras de Cholo”. Na Casa do Libro, rúa Velázquez Moreno 27 Vigo.
- Mércores, 20 decembro “Festa Infantil de Nadal”. No Club de 18.00 a 20.00 horas.
- Xoves, 21 decembro “Entrega de premios do V Concurso de Fotografía de Montaña” e “homenaxe á Cholo”. Na Casa do Libro, rúa Velázquez Moreno 27 - Vigo, ás 20.00 horas
- Venres, 22 decembro “Festa Fin de Temporada”. No Club a partir das 21.00 horas

## INFORMACIÓN XERAL DO CLUB

### V CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DE MONTAÑA e EXPOSICIÓN

**Animádevos a participar, inda estades a tempo!**

Non esquezades que temos en marcha o V Concurso de Fotografía de Montaña "Montañeiros Celtas" dedicado nesta edición ao noso Socio Distinguido Antonio Fernández Pena "Cholo".

**O Concurso está dotado con SETE premios en metálico que suman 2.450 euros**, sendo o primeiro premio de 1.200 euros. Estes premios concédeos o Xurado do Concurso, composto por especialistas na materia.

Ademais ten outros dous premios: á Mellor Foto do Público, que sae da fotografía máis votada polos visitantes á exposición de Vigo, sendo o premio un lote de libros de gran formato valorado nuns 150 euros, e o premio á Mellor Foto de Socio cunha fin de semana na estación de esquí en San Isidro con curso de esquí incluído.

**Lembrar que o prazo para presentar fotografías remata o 24 de novembro.** Máximo dúas obras por autor, cun tamaño de papel mínimo de 20 x 30 cm e máximo de 30 x 45 cm. Fotografías relacionadas coa Montaña e o seu entorno natural e humano: imaxes de alpinismo, escalada, esquí, espeleoloxía, descenso de barrancos, paisaxes, flora, fauna, as súas xentes, etnografía...

**As mellores fotografías seleccionadas polo Xurado do Concurso serán expostas na Casa do Libro de Vigo do 16 ao 30 de decembro.** Neste mesmo sitio, o xoves 21 de decembro ás 20.00 horas terá lugar a entrega de premios do Concurso e a homenaxe a Cholo. Esperamos ter unha gran participación dos socios que permitan desenvolver estes actos nun entorno social entrañable.

### EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA

#### MONTAÑEIRO CELTAS

As mellores fotografías do "V Concurso de Fotografía de Montaña"



Do 16 ao 30 de decembro de 2006, de 9.30 a 21.30 h. (Día 25, pechado)

Xoves, 21 de decembro ás 20.00 h.  
Entrega de premios do Concurso fotográfico  
Homenaxe a Antonio Fernández Pena "Cholo"

**Casa do Libro**  
Velázquez Moreno, 27. Vigo



### CLUB MONTAÑEIRO CELTAS

Avda. Camelias, 78 - oficina K. 36211 - VIGO  
Tfno: 986 438 505 - Fax: 986 912 220  
www.celtas.net e-mail: info@celtas.net

## LOTERÍA DO NADAL

O portador deste recibo xoga **TRES EUROS** no sorteo da Lotería Nacional que se celebrará o 22 de decembro do 2006, ao número:

# 26.446

O DEPOSITARIO:

### Son 3 euros

CADUCA AOS TRES MESES  
Billetes depositados en Caixanova, rúa Salamanca, 15. Vigo.

### REVISTA - BOLETÍN nº 82 "ESPECIAL 2006"

Como xa se dicía na Editorial da revista publicada o pasado ano (boletín nº 75), entendemos que facer unha revista do Club cada ano é un ambicioso pero viable proxecto, a pesar do enorme esforzo que isto supón. Nunhas poucas semanas teredes nas vosas mans unha revista en cor (boletín 82) na que se publicarán algunhas das actividades máis destacadas ou interesantes do presente ano, por iso a demos en chamar "Especial 2006", ademais de contar con colaboracións e artigos doutros aspectos que atinxen ao noso Club, ás montañas ou aos deportes que nelas se practican.


### CALENDARIO DE PETO 2007

Xunto a este Boletín enviamosmos dous exemplares do Calendario de peto do Club do ano 2007. Esperamos que vos guste.

Este ano xogamos nun bonito número (ou iso e o que se está a dicir), o 26.446 da Lotería de Nadal. Polo tanto este ano o seguiremos tentando á sorte e desexando consecuentemente "que nos vaia bonito". Para repartir a sorte entre todos temos as participacións de 3 euros, para que ninguén se quede sen ela.  
¡Non chores o día 22 de decembro, colle xa a túa participación!

### 2007

XANEIRO	FEBREIRO	MARZO
1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30 31	1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28	1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30 31
ABRIL	MAIO	XUÑO
1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30	1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30 31	1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30
XULLO	AGOSTO	SETEMBRO
1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30 31	1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30 31	1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30
OUTUBRO	NOVEMBRO	DECEMBRO
1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30 31	1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30	1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30 31



### MONTAÑEIRO CELTAS

Avda. Camelias, 78 - oficina K. 36211 VIGO  
Tel: 986 438 505 - Fax: 986 912 220  
www.celtas.net e-mail: info@celtas.net

## Candidatos a PRESIDENTE

Ser Presidente do Club entraña unha grande responsabilidade e moito traballo, sen dúbida, pero tamén unha enorme satisfacción por contribuír a que o noso Club siga crescendo e os seus socios participen activamente das actividades, usen as súas instalacións, etc.

Socio ou socia comprometido co teu Club, se tes ilusión, posibilidades e ganas de seguir desenvolvendo o labor que supón este cargo, **presenta a túa candidatura a Presidente/a!**

O Club conta contigo... e os seus socios tamén!

Ah, e por se inda non o sabes, Sechu, o actual Presidente, despois de catro anos no cargo, non se presenta.



## XUNTA ELECTORAL

Na Asemblea Xeral Extraordinaria de Club Montañeiros Celtas, celebrada o pasado 27 de outubro de 2006, en cumprimento do noso Regulamento de Réxime Electoral, foron convocadas Eleccións a Presidente do Club, dándose por iniciado o Proceso Electoral. Foi aprobado o Calendario Electoral e foron elixidos, por sorteo entre os socios presentes e con dereito a voto, os membros da Xunta Electoral, que son os encargados de controlar a legalidade do Proceso Electoral, e son os seguintes:

Presidente	José Luis Vázquez Almuiña
Secretaria	Olivia Vidal Muíños
Vogal	Emilia Garrido Costas
1º suplente	Rosa Bermúdez Rodríguez
2º suplente	Ana Victoria Fernández Ponsati
3º suplente	José Eiroa Álvarez

## CALENDARIO ELECTORAL 2006

D í a	D a t a	P r o c e s o E l e c t o r a l
D í a 1º	V e n r e s, 27 d e o u t o b r o	A s e m b l e a X e r a l E x t r a o r d i n a r i a p a r a E l e c c i ó n d e P r e s i d e n t e
D í a 7º	X o v e s, 2 d e n o v e m b r o	E x p o s i c i ó n d o C e n s o E l e c t o r a l p r o v i s i o n a l
D í a 14º	X o v e s, 9 d e n o v e m b r o	E x p o s i c i ó n d o C e n s o E l e c t o r a l d e f i n i t i v o e I n i c i o d o p r a z o d e p r e s e n t a c i ó n d e c a n d i d a t u r a s a P r e s i d e n t e
D í a 26º	M a r t e s, 21 d e n o v e m b r o	F i n d o p r a z o d e p r e s e n t a c i ó n d e c a n d i d a t u r a s a P r e s i d e n t e
D í a 27º	M é r c o r e s, 22 d e n o v e m b r o	P u b l i c a c i ó n p r o v i s i o n a l d e c a n d i d a t u r a s
D í a 34º	M é r c o r e s, 29 d e n o v e m b r o	P u b l i c a c i ó n d e f i n i t i v a d e c a n d i d a t u r a s
D í a 50º	V e n r e s, 15 d e d e c e m b r o	V o t a c i ó n p a r a P r e s i d e n t e d o C l u b
D í a 51º	S á b a d o, 16 d e d e c e m b r o	P u b l i c a c i ó n d e r e s u l t a d o s e p r o c l a m a c i ó n p r o v i s i o n a l d e P r e s i d e n t e
D í a 57º	V e n r e s, 22 d e d e c e m b r o	P r o c l a m a c i ó n d o P r e s i d e n t e e f i n d o P r o c e s o E l e c t o r a l

## RECLAMACIÓN


As reclamacións deberán dirixirse á Xunta Electoral e presentarse no prazo de dous días a contar dende o seguinte á finalización do prazo da actuación que se reclama, e deberán identificar ao reclamante e incluír unha relación de feitos e fundamentos ademais de aportar as probas que a sustentan. Non se admitirán a tramite aquelas que non inclúan unha petición concreta e que non estean debidamente datadas e asinadas.

A resolución das reclamacións deberá producirse no prazo máximo de tres días dende que tivo entrada a reclamación a resolver.

## IMPORTANTE

Se o día 21 de novembro non existira máis dunha candidatura, a Votación non terá lugar e o candidato será proclamado Presidente o día en que a candidatura sexa definitiva, é dicir, o 29 de novembro.

**27 de outubro de 2006**  
**Asemblea Xeral Extraordinaria**



## LUIS NOYA DOMÍNGUEZ

### Lembrando a un veterano montañeiro

Este ano 2006, próximo a finalizar, déixanos o triste recordo do falecemento, no mes de agosto, de Luís Noia Domínguez, aos 74 anos de idade e socio do noso Club dende o ano 1945.

Para as actuais xeracións o seu nome pasará desapercibido, a pesar destes 61 anos como afiliado. Non foi montañeiro de grandes ascensións nin difíciles escaladas. O seu campo de excursións estivo case reducido a Galicia, sendo bo andador dos seus ancestrais camiños, desexoso de coñecer e facer ver despois o valor das cousas grandes e pequenas, que ofrece a montaña e que moitas veces pasan desapercibidas, nun afán cultural e deportivo de buscar na Natureza respostas e inqueданzas físicas e espirituais non encontradas noutros ámbitos sociais.

Pertenceu a unha época en que era difícil a práctica do montañismo, onde á carencia de material axeitado e medios de comunicación, entre outras privacións, uníase a incomprensión en moitos niveis dunha sociedade demasiado rixida entón. Anos difíciles en que había que partir practicamente de cero, tras o obrigado parón da nosa guerra civil.

Entre as súas primeiras excursións ao longo e ancho do noso país, gardaba especial lembranza da efectuada no ano 1947 á Serra de Barbanza, en compañía de Miguel Regueira, Antonio Suárez e Emilio Aval, tres figuras destacadas no historial do noso Club. Luís era entón un rapaz de quince anos, pero o percorrido durante varios días por aqueles cumios, balcón aberto aos grandes horizontes e á fermosura das nosas Rías Baixas, fixo espertar nel o afán dun maior

coñecemento da Natureza galega. Desa travesía lembro o excelente traballo que presentaran para o noso anual Concurso de Montes, con descrición de itinerarios e datos interesantes de cada cumio do Barbanza, por entón moi pouco frecuentada polos montañeiros.

Outro dos seus agradables recordos e que sempre tiña presentes foi todo o proceso de construción e posta en marcha do refuxio Aloia. Refuxio que hoxe en día causa estrañeza en certos medios e hai quen o considera lonxe do noso sentir montañeiros, tal vez polo excesivamente "turistizado" da paraxe, pero que entón significou unha culminación das nosas aspiracións para un mellor goce daquela montaña, practicamente solitaria neses anos.

Non tivo moitas oportunidades de coñecer Galicia como desexaba. Moi novo emigrou a Venezuela, e non regresou á nosa terra ata once anos máis tarde, en 1961. Pero a pesar desta prolongada ausencia mantivo fidelidade a Montañeiros Celtas, colaborando como socio. Sempre tivo á nosa Sociedade como representativa da defensa dos valores naturais e espirituais de Galicia. Luís era dos que consideraba a práctica do excursionismo como una actividade que ía máis alá do simple exercicio deportivo, como un estímulo a un mellor coñecemento da terra e ao compromiso de ser fieis na defensa dunha entidade propia galega. Toda a súa vida seguiu firme nestes principios e a especie de diálogo que se establece entre o excursionista e a terra. Para el Montañeiros Celtas, era o organismo social depositario da esencia e espírito de diálogo.

Baixo a súa aparencia seria, tranquila, pero á vez inqueda, vivía un home sensible e amable, amigo de brindar a súa amizade cando vía que coincidía con el nalgún común sentimento de cariño e traballo polo noso país. Sempre levou a Galicia no seu corazón. Era o seu tema preferido nas nosas conversas. Tiña interese en saber sobre as súas montañas e o estado actual da actividade excursionista, coa obrigada comparación



á súa época xuvenil. Sabía perfectamente que o montañismo de hoxe non se parecía nada, espiritualmente, ao seu e seguiu sendo sempre o romántico soñador daqueles tempos.

Galardoado co Título de SOCIO DISTINGUIDO do Club, é notable sinalar o feito de que pertencía a unha familia unida a Montañeiros Celtas por catro xeracións, segundo consta no rexistro de socios. Dende a venerable figura de Juan Noia Gil, o seu pai, que nos deixou o seu libro "Fuxidos", unha especie de biografía exemplo da súa loita pola defensa dos ideais democráticos, con Luís causando alta na década dos corenta os seus irmáns Adolfo e Óscar, e actualmente queda o seu fillo Octavio, durante moitos anos monitor da nosa Operación Benxamín, e as súas catro fillas, Yolanda, Antía, María e Ana.

E xa fóra do noso círculo de montaña, entre as anécdotas da súa vida ocupa lugar preferente a odisea de súa viaxe de regreso a Vigo, dende Venezuela, en 1961, como pasaxeiro no transatlántico portugués "Santa María". Buque que durante a travesía foi secuestrado, en medio do Atlántico por un comando armado, en protesta contra as ditaduras que gobernaban por entón España e Portugal. Suceso con gran resonancia en todo o mundo e que provocou incluso a intervención da armada norteamericana. Luís tivo a enteireza de recoller coa súa cámara tomavistas escenas do suceso, nunha reportaxe única e que precisamente vimos hai un par de anos nas pantallas de televisión.

Figura coñecida nos sectores culturais da cidade; para a historia da imprenta de Vigo e a difusión escrita da lingua galega, queda o seu gran labor e aportación ao fronte de Gráficas Numen, onde se imprimiron, incluso en difíciles tempos de censura, boa cantidade de publicación no noso idioma.

As cinzas de Luís Noia foron espalladas o 17 de agosto pola mañá nas augas que bañan a costa da Garda, a súa vila natal. Costa dominada polas recias alturas dos montes da Groba, outra das adoradas montañas da súa xuventude.

Coa tristeza que significa a súa definitiva ausencia, pero coa lembranza agradable de tantas xornadas de montaña pasadas na súa compañía, vaia nestes momentos o noso máis cariñoso abrazo para toda a súa inesquecible familia.

**Chito Veiga**

Nun miradoiro do Monte Aloia.  
Ano 1948

*Club Montañeiros Celtas*

Memoria da actividade:

## CAMPAMENTO INFANTIL DE OUTONO

Quiroga, 28 e 29 de novembro

Aloxamento: Albergue de Quiroga (Lugo), vila situada na entrada sur da Serra do Caurel.

Participantes: 21 neno/as e 4 monitores

Actividades realizadas:

### SÁBADO, 28

Saída de Vigo coma de costume ás 9.00 h e dende o Club. Breve parada nun bar cun pequeno parque infantil no que rapidamente gozamos dos balancíns colectivos. Chegada ao albergue de Quiroga sobre as 12.00 h. Distribución das habitacións, acomodo da equipaxe e preparación da mochila de ataque. Ás 13.00 h pequeno percorrido pola beira do río ata unha área de descanso onde comemos cun agradable sol de mediodía. Xogos ao aire libre (comba, voleibol sen rede, pequenas escaladas nunha parede de bloques...) na área recreativa do paseo. Ás 16.00 h o autobús acercounos ao inicio da Ruta da Encomenda, marcha duns 5 Km. polo bosque autóctono do Caurel (castiñeiros, carballos, algún acivro...). De camiño visita ás ruínas dun castelo medieval, cunha historia de amores trágicos e pasadizos secretos que algún neno grande escenificou e algún outro chamou de Romeo e Xulieta. Volta ao albergue sobre as 19.00 h. Tempo de lecer na sala de xogos. Cea ás 21.00 h, por conta da organización: lentellas, luras fritidas, san-xacobe con patacas fritidas e xeadó. Xogo en grupos sobre a flora e fauna do Caurel. Deitámonos sobre as 23.30 h.



“Cordada de dous”  
nas prácticas de  
escalada

O grupo  
no Castelo



### DOMINGO, 29

Toque de diana ás 8.00 h e almorzo por conta da organización ás 9.00 h: cola-caó, madalenas e galletas con manteiga e marmelada. Preparados coa mochila de ataque e a de carga collemos o autobús que nos levou ao inicio da Marcha, cruzamos unha rústica ponte de madeira e internámonos novamente no máxico bosque do Caurel vestido de outono. Camiñamos con algunha curta parada ata as 14.00 h que chegamos á aldea de Vilar, onde visitamos o Castro de Vilar e comemos nos arredores xunto a unha pequena ermida. Xogos e tempo de lecer ata as 15.30 h que continuamos a Marcha, sorprendéndonos os grosos troncos dos centenarios castiñeiros e aproveitando para “triscar” nos seus froitos. Visitamos a aldea de Froxán, típica aldea do Caurel coas casas tradicionais restauradas, onde nos recolleu o autobús sobre as 16.30 h. Breve parada en Quiroga e iniciamos a viaxe de volta. Cunha última parada nunha área de servizo da Cañiza chegamos a Vigo ás 20.10 h.

**Carmen Fernández**



## Campionato Galego de Escalada de Dificultade A Coruña, 18 de novembro

Organiza: S.M. Ártabros - FGM

Dentro do calendario do ano 2006 de competicións de escalada rexionais promovido pola FGM, a S.M. Ártabros anímanos a participar na derradeira proba do ano, consistente nunha proba de escalada de dificultade en rocódromo interior.

A proba celebrarase no Rocódromo instalado nas dependencias do Pazo Municipal dos Deportes de Riazor (no Frontón), rúa Manuel Murguía, s/n, na Coruña

A despedida e peche terán lugar na sede social da S.M. Ártabros, rúa Santa Teresa, 14 baixo (xunto ao Domus).

**Sábado 18 novembro**

### PROGRAMA

- 09:30 h. Recepción dos competidores. Presentación e entrega de dorsais.
- 10:30 h. Probas eliminatorias.
- 15:30 h. Acceso á zona de illamento
- 16.30 h. Probas finais
- 19.00 h. Entrega de premios
- 20.00 h. Despedida e peche do Campionato. Pincho e proxección na sede social de Ártabros

### INSCRICIÓN

- Prezo: 10 Euros. Podes facer a inscrición no Club ou na FGM.
- Categorías: masculina e feminina.
- Material necesario: arnés, gatos e magnesera
- Requisitos: ter o carné de federado correspondente en vigor.
- Prazo de inscrición: ata o xoves 16 de novembro.

## MONTAÑISMO

### TRAVESÍA TEGRA - GALLEIRO (Pontevedra) 23 e 24 de setembro

Oito da mañá. 11 atrevidos montañeiros xuntámonos na estación de autobuses con máis cara de sono que outra cousa. Alí aparece Antonio Caldeas agripallado que nos di que non pode vir e que J. Luis Vázquez tampouco porque o chamaron do seu traballo xa que tiñan unha inundación.

Despois dun interminable periplo en autobús polas aldeas do baixo Miño, chegamos por fin, á Guarda. A pesares da ameaza dun tempo infernal tiñamos sol e subimos ao Tegra, onde nos esperaban en festas. Con moitas risas volvemos Á Guarda e como o merecíamos, tomamos un almorzo en condicións. Ás 11 da mañá estabamos pletóricos e con forzas para continuar, polo que decidimos facer o camiño aínda máis longo. Seguimos a cordal que vai pola costa, pasando polo Torroso e San Xián, despois de ver unhas esculturas en pedra feitas polo famoso Minguela. Cada vez hai máis e máis pistas, pero tiñamos moi clara a dirección a seguir, Burgueira e Pinzas.

Ás 7 da tarde apareceu Vázquez no aeródromo de Pinzás, viña andando dende Tomiño. Parecía tal un rapaz. No alto do Couso tivemos outra sorpresa, alí estaba Caldeas.

Chegamos ás 10 da noite ao refuxio Aloia. Doce horas camiñando, dúas máis do previsto. Estaba a cheminea prendida e animounos un pouco. Non tiñamos folgos nin para cear.

O domingo si que estaba un día tristeiro e gris. Comezamos a camiñar con chuvia. Aquelo si que era chover a ceo aberto!. Ao chegar a Porriño houbo motín e



todos marcharon correndo para Vigo. Todos menos dous, J. Luis Vázquez e mais eu, e dicir os maiores do grupo. Cando cruzamos Porriño era cando máis chovía. Os coches paraban para deixar pasar aqueles dous tolos.

Na Risca seguía chove que chove. Polo Salgueiron xa quería amainar. J. Luis ía todo o tempo corre para arriba, corre para abaixo e chamoume aburrída, segundo el non lle discutía o camiño a seguir. Ás 4 da tarde chegamos ao cumio do Galleiro, xa non chovía, o mar estaba iluminado. Lembrámonos dos nosos compañeiros. Baixamos dereitiños ata a estrada Redondela-Porriño onde Caldeas tivo o gran detalle de vir recollernos.

Esta é unha marcha clásica do noso Club. J. Luis xa anda a romperme a cabeza. Di que hai que facela aínda máis clásica, todo o camiño sen parar.

Para min foi unha excelente fin de semana, na que pasei moi bos momentos cos meus compañeiros de andainas.

**Conchi Barciela**

## TRAVESÍA POLA SERRA DO HORNIJO

Organizada por Club Montañeiros Celtas conxuntamente con Club Peña Trevinca, e cunha invitación da Sociedade de Montaña de Torrelavega, saímos aproveitando a ponte do Pilar un grupo de máis de 50 montañeiros dos dous clubs cara a terras cántabras.

A pesar da conseguinte malleira de autobús, chegamos con ganas de estirar as pernas e os cántabros tñannos preparado un paseo a través dunha calzada romana para, camiñando, chegar a aldea de Ribas e de aquí dirixirnos ao lugar onde estaba previsto cear e durmir, en As Fragas. Por certo, un sitio perfecto, sobre todo para os acostumados a durmir polos prados.

O venres pola mañá saímos todos xuntos cara á Serra de Hornijo, comezando a andaina nun ambiente montañeiro e festivo, no que sobre todo primaban as ganas de pasalo ben, e onde nos esperaba unha boa subida a través dun bosque no que sobresaían as faias e no que ademais chamaban a atención as formacións rochosas.

Cando a media tarde chegamos a Arredondo, e despois dunhas merecidas cervexas, foi onde o grupo se separou, e mentres uns estaban pensando na cea cos montañeiros de Torrelavega, un grupo máis pequeno pensabamos en buscar un hotel de miles de estrelas. Así que recollemos as mochilas e reiniciamos o camiño cara ao nacemento do río Asón, onde, e un pouco máis arriba,



tiñamos previsto pasar a noite nalgunha das cabanas de pastores. E ao abrigo das paredes dunha destas, pasamos unha fermosa noite, cun ceo cheo de estrelas na que despois da cea non faltaron os chistes de portugueses do amigo Antonio.

Tendo en conta as informacións que nos transmitiran as xentes de Torrelavega sobre a dureza do día seguinte, erguémonos cedo comezando a camiñar por entre prados, e chegamos a un sorprendente canón que nos levou a un fermoso bosque de faias nas que xa comezaban a pintarse as cores do outono, e pouco a pouco acabariamos chegando á ladeira do Porracolina, na que atopamos un pastor con tempo e ganas de falar e que ao final nos comentou que xa faltaba ben pouco para chegar a aldea de San Roque, fin da nosa viaxe, polo que decidimos ascender ao Porracolina sen moitas dificultades. No seu cumio agardábanos a beleza da paisaxe e conseguimos divisar a fermosa baía de Santander. Fotos, fotos, e máis fotos.

Baixamos a comer ao cámping de San Roque do Río Miera. O peor da travesía foi a espera en San Roque, xa que se nos fixo eterna, así que cando subimos ao autobús, a relaxación foi total.

Ducha e cea no refuxio, e xa como remate e camiño de volta a casa, unha última sorpresa nos esperaba. Un paseo polo parque Natural de Tuerces, por terras de Palencia, no que a cada paso nos sorprendían as variadas formacións das rochas a cada cal máis estraña.

E xa camiño de volta a casa, e como sempre a pesar do cansazo, o que primaba eran as risas e os bos recordos. Que continúen.

Federico



## MONTAÑISMO - VINDEIRA ACTIVIDADE

6, 7, 8, 9 e 10  
decembro

### MONTAÑA VASCA E NAVARRA

De novo o Club Montañeiros Celtas volve ás terras vascas e navarras. Percorreremos novas serras e ascenderemos polos seus escarpados montes, aínda que non con moita altura si con grandes desniveis.

**SAÍDA:** Venres 5, ás 23.00 horas, dende o Club

**REGRESO:** Domingo 10.

#### PROGRAMA PREVISTO

##### Mércores 6:

SERRA E ESPACIO NATURAL DE ENTZIA (Álava)  
Egino (550) - Ballo (1193) - Porto de Opacua (1000) e descenso a Contrasta no val de Arana.

##### Xoves 7:

SERRA DE AIZKORRI (Guipúzcoa)  
Dende Zumarraundi a Onati.  
Con cumes de máis de 1.500 m. Especial Excelsior.

##### Venres 8:

SERRA DE ECHARRI ARANATZ (Navarra)  
Esta serra vaimos sorprender polas súas escarpadas moles.

##### Sábado 9:

SERRA DE ARALAR (Guipúzcoa - Navarra)  
Xa coñecida por nós. Percorreremos a súa zona máis oriental.

Máis información no Club.

**BOA ESTANCIA MONTAÑEIRA**



## Paseo por Melgaço e almorzo de señoritos

Nunca tanto choveu que non parara. Ao menos iso di o refrán. O refraneiro popular é ben sabio e ten receitas para cada situación, pero o medo é libre e, ante a ameaza de chuvias torrenciais, a cordura parece querer impoñerse. Pero, se o medo e libre, desafiálo é cousa de valentes. Co fin de ganarmos esa condición, o pasado 22 de outubro, un grupo

de sendeiristas saímos de excursión co Club para gozar dun percorrido polos montes de Melgaço, no veciño Portugal.

A mañá presentouse retardada despois dunha noite escoitando o asubío do vento e os constantes chuvascos que descargaron a intervalos. Pero, aínda así, había que arriscarse. A excursión estaba programada e non era propio de xente curtida abandonar a misión ás primeiras de cambio. Para facer fronte ás inclemencias, había que ir ben equipados, con paraugas e chuvasqueiros e con roupa de recambio.

Unha vez no autobús, as baixas eran notables. Tan só 18 persoas estabamos dispostos a desafiar os elementos naquela xornada que, a priori, se presentaba un pouco pasada por auga.

Craro que, se o inimigo pide guerra, non respondas axiña, dá un rodeo e xa se calmará. Iso, ao menos, debeu ser o que pensou o noso guía Miguel cando tivo conciencia de que o día non levaba trazas de mellorar.

Así que, a pouco de emprender a marcha rumbo ao país veciño, desvelounos as súas intencións. El non ía ser coma os capitáns

daqueles veleiros que antano obrigaban á tripulación a dobrar o Cabo de Fornos en días de tormenta nun barco que semellaba unha cascara de noz. El non tería a apostura de Marlon Brando en 'Rebelión a bordo' (máis que nada, porque lle faltaba o uniforme), pero en humanidade non lle ía gañar o bonito de Norteamérica. E, para demostralo, propuxo un plan B que foi unanimemente aceptado e que consistía en dar un paseo, curto, por Melgaço e optar por unha succulenta comida nun restorán en Castroboreiro.

Comezamos a camiñata baixo os paraugas e todo parecía transcorrer ben, sen sobresaltos, ata que chegado un momento descargou sobre nós unha tormenta desas que fan época e que te deixan empapada ata a alma ¡Menuda molladura!. Non houbo botas que pasaran a proba da impermeabilidade. Quen máis quen menos tiña os pés empapados. E iso que a sorte quixo que o chuvasco descargara preto dun cuberto onde nos cobixamos ata que amainou.

Os augurios de chuvias torrenciais non foron en van pois, e os prognósticos cumpríronse ata a hora de xantar. Aínda así, a excursión valeu a pena. O paseo estivo ben ben mollado, quero dicir-, e o xantar... Despois dun percorrido de algo máis de dúas horas, chegamos ao restaurante mollados coma pitos. Iso... pero contentos. Moi contentos e desexosos de meterlle ao corpo algo quente que nos arreglara un pouco o interior. ¡Que bo o bacalhao! algúns optaron por pedir cocido- ¡Que ben baixaba o vinho verde!.

Dende o restorán, sentados á mesa tal que señoritos, viamos chover mentres degustabamos os pratos quentes. De reollo, mirabamos para as nosas mochilas, cos bocadillos preparados para o almorz. ¡Xa quedarían para a cea! Agora tocaba gozar do xantar e da compañía dos colegas.

Emprendemos o camiño de regreso ao pouco de comer e chegamos a Vigo antes do horario previsto, pero satisfeitos de ter desafiado ás inclemencias do tempo.

**Elena Fernández**

## DESCENSO DE CANÓNS

### SERRA DE GUARA. GORGAS NEGRAS

Quizais sexa a forma que ten a xente de falar desta Serra: dos seus canóns, da súa auga... Para entendela funme a Guara (Huesca) a facer un destes canóns onde a lonxana, dimensións e o silencio fan deste lugar un dos sitios máis alonxados da Serra e máis profundos da Serranía.

O "Gorgas Negras" é un deses lugares onde o "Río Alcanadre" divide a rocha calcaria en dúas ata perderse no seu interior.

Din que o nome que adquire o descenso non é de todo correcto, pois este desfiladeiro ten distintas partes con nomes propios, a razón inxustificada é, acaso, para darlle un nome total ao descenso. Polo tanto a xente deulle o nome de "Gorgas Negras", sendo esta unha zona no seu comezo.

O achegamento faise a pé dende a vila de Rodellar. A súa aproximación é longa (sobre 3 horas) polo que é moi recomendable erguerse ben cedo pois a xornada é de moitas horas. No seu percorrido o río desenvólvese sobre rocha calcaria que é a de maior espesor de toda a Serra.

Mentres avanzamos polo canón podemos ver como os estratos, nesta primeira parte, colócanse horizontalmente, observando moitas cornixas e repisas. Na súa parte final os estratos aparecen de forma vertical, formando agullas e canles.

Outra cousa que non debemos esquecer son as súas surxencias que abastecen coas súas frías augas caudal ao río. Pero en fin, o importante é gozar do descenso vendo a morfoloxía feita pola auga: caos de bloques, marmitas... e altas paredes tras as cales se agochan moitas aves e mamíferos que se non fósomos o suficientemente sixilosos, poderíannos tirar algunha pedriña que outra.

De retorno ao coche un paisano da zona cóntanos que do



barranco só se coñecía o "Bozos de Lañas", que era por onde se cruzaba o gando e onde houbo algún incidente polas medras da auga. Teremos que procurar gozar das súas augas cristalinas, esveltas paredes e... a paz do entorno.

O barranco de Gorgas Negras ten unha lonxitude de 4 km cun desnivel de 100 m.. Tecnicamente non é difícil pero a súa magnitude outórgalle carácter. E un barranco longo, ten augas moi frías, longos tramos acuáticos... A mellor época para descendelo é de xuño a outubro evitando sempre épocas de crecidas. Os principias problemas que poden xurdir son as crecidas, a marcha de aproximación, a temperatura da auga, os longos tramos acuáticos e o cansazo.

**Xabier Balado**





## 2-3 setembro: **Fotografía, Instalación e Topografía na Cova de Cortiñas e na Cova do Bao**

A volta de vacacións iniciámola indo a Liñares para facer unha incursión na cova de Cortiñas e na Cova do Bao. Coa incorporación a última hora de Alberto, alá fomos o sábado cedo Daniel, Óscar Q., Marta e Carol. O sábado á noite uniríásenos Eugenia. Chegamos a Liñares, saudamos a Sofía e collémola chave do refuxio, onde deixamos todas as cousas e xantamos antes de ir á cova.

Sorprendidos por levar uns horarios bastante razoables, eran sobre as tres da tarde cando nos metemos na cova de Cortiñas. Levabamos material para facer fotos, material para instalar un pozo e tamén de topografía para completar un anaquiño que faltaba de topografar.

Empezamos coas sesións de fotos e hai que dicir que aprendemos moito, incluso saímos algunha bastante boa, pero seguiremos practicando. Cando xa algúns se cansaron de facer de “modelos”, aproveitaron para facer unha nova instalación no Pozo do Electrón, empregando o trade para meter varios spits e algún desviador. Alí unímonos todos outra vez e unha vez na sala de abaixo, uns a topografar unha pequena galería e outros a tirar algunhas fotos máis. Aquí algún protestou un pouco polo ingrato do traballo, pero intentaremos volver enganalos para a próxima vez.

Despois de case ¡sete horas! dentro da cova, saímos con fame e ganas de irmos ao refuxio, onde chegou Eugenia xusto para cear. Aproveitando as novas tecnoloxías, puidemos ver as fotos que sacáramos na cova, e as melloras a realizar para o día seguinte.

O domingo fomos á Cova do Bao, coa súa espectacular dolina de entrada toda chea de vexetación e cun curso de auga que se introduce na cova. Baixados os primeiros resaltes, dividímonos en dous grupos para revisar algúns puntos da cova, da que so tiñamos un croquis. Aproveitamos tamén para instalar con spits un pasamáns e algún novo fraccionamento dos pozos, así como para tirar máis fotos. Como ese día xa íamos máis xustos de tempo, non demoramos moito. O primeiro grupo (Óscar Q., Marta e Carol) foi saíndo, non antes de terse empapado na búsqueda infructuosa do mosquetón de freo de Marta que se lle caeu a unha pequena pociña de auga.

O segundo grupo (Daniel, Alberto e Eugenia) saíron máis tarde e nós xa os esperamos no refuxio, comendo algo que xa eran horas.

Recollida e limpeza do refuxio, despedida de Sofía e de Eugenia, que marcha para A Coruña e nós camiño de volta para Vigo.

## 16-17 setembro: **Picoña**

Van chegando as datas de incorporarse aos estudos, aos traballos,...e dous días en Picoña son apropiados para finalizar o verán e dan para practicar moito. Nesta ocasión foron dous días e unha noite, unha noite en vela por mor da romaría que se fai na capela de San Cibrán, música toda a noite e tamén chuvia e sobre todo moita lingua solta que perdía palabras e frases antes de chegar aos receptores. Benvida a Pablo S., comezara de pequeno en Mondoñedo e agora volveu sendo máis grande. Entre cordas e latriques estivemos Carol, Emilio, Eugenia, Marta, Area, Estela, Miguel, Pablo S., Alma, Antón e Rubén.



Prácticas en Picoña

## 23-24 setembro: **Valporquero**

“¿Ás sete da mañá? ¿Estades tolos?” Ese foi o noso pensamento cando o soubemos, pero o día indicado alí estábamos todos, ás sete da mañá na Praza de España. O grupo estaba case completo: Guille, Marta, Juan Carlos, Alberto, Miliño, Óscar, Emilio, Lourdes, Carol e Miguel.

Do camiño de ida non hai moito que contar, xa que todo se baseou nas cabezadas que íamos dando nos nosos asentos, pero todo isto cambiou co cafeiño quentiño da área de servizo de Benavente. Fixemos tamén unha pequena parada en León para recoller a Daniel, e finalmente chegamos a Vegacervera.

Chegados ao cámping atopámonos cos do A.E.R., que tamén estaban acampados alí. Despois de estar un pouquiño de lería, collemos as chaves dos aloxamentos, e ¡a xantar!

Sen moita présa, pero sen grandes pausas, rematamos de xantar, preparamos o material, e sobre as tres e media ou catro da tarde xa estábamos na boca da cova pola que movemos os nosos cus ata alí: Valporquero. (segue) >>>>>>

>>>> (Ven da páxina anterior)

Como facía bastante viruxe, decidimos levar xa os petos do neopreno postos. Así iniciamos o descenso á cavidade que nos daba a benvinda coas fermosas vistas das súas formacións e grandes salas irregulares. Dúas ou tres horas máis tarde chegabamos ao curso do río subterráneo. Alí puxemos as chaquetas dos neoprenos, e a seguir. A partir deste punto, as estancias volvéronse significativamente máis grandes, e ata monstruosas, sen chegar a vislumbrar o teito da maioría das galerías. Aquí puidemos gozar dunha fermosa travesía por grandes espazos cavernosos asolagados case completamente, con paredes que ascendían totalmente verticais ata saber onde. A isto sumóuselle a diversión que ofrecen os tobogáns escavados pola auga, algún deles realmente longo. Que lle pregunten a Alberto e mais a Guille se eran divertidos ou non, je, je, je. Despois de “pasear” un pouco polas grandes galerías asolagadas, chegamos ao famoso “paso da M”, que vén sendo un pequeno pero simpático sifón que ao parecer, pola falta de choivas no verán estaba medio seco (aínda que na miña opinión alí a auga chegaba de sobra...).

Todo este traxecto tamén está salpicado de varias cascadas moi fermosas e, sobre todo, estrondosas. Ao chegar á boca de saída da cova, descubrimos con gran alivio que xa non chovía (estivera a chover todo o día). Aínda quedaban dúas cascadas ao aire libre, pero pasámolas enseguida, rematando así o canón sobre as once ou case doce da noite.

Sáímos á estrada onde nos agardaban Miliño e mais Lourdes, cambiámonos, e de volta ao cámping.

Alí xa estaba Emilio facendo os típicos “espéleo-espaguettis”. Logo de dar boa conta da rica cea, fomos todos durmir.

Pola mañá do domingo, erguémonos sen demasiada présa, fomos almorzar, e puxémonos a recoller todo o material. Alberto andaba de “paparazzi” coa súa cámara nova, outros de leria, etc. Digamos que non estivemos moi agoniados polo tempo.

Mentres nós recollíamos, Carol preparábase para ir cos A.E.R. outra vez á cova, por un pequeno despiste do día anterior (¡¡A cámara, Carol!! ¡¿Onde está?! Je, je, je ).

Como non tiñamos nada que facer, todos (salvo Carol) fomos



Valporquero

dar unha voltiña polos arredores de Valporquero. Colleunos un pouco a chuvia, pero por sorte aínda non é radioactiva.

Á chegada de Carol cos seus acompañantes, buscamos un sitio para xantar, que cadrou ser o noso lugar de acampada de hai dous anos.

Despois de xantar, despedímonos dos do A.E.R., e emprendemos o camiño de volta a casa. Por sorte non nos choveu en toda a viaxe, e esta transcorreu sen contratempos de ningún tipo, salvo un, persoal, entre os camioneiros da autoestrada e mais eu, que son uns estreitos, que non lles da a gana de pitar nin por facerme feliz sequera...

Horas e horas máis tarde, camioneiros e camioneiros máis tarde, demos chegada á Praza de España outra vez, xa en Vigo. Dende aquí iniciouse unha operación “distribución a domicilio” dos participantes, e así deu fin un longo e ben aproveitado “espéleo-fin de semana”.

Sinceramente, os que máis gozamos fomos os debutantes nesta cova: Marta, Juan Carlos, Óscar, Alberto e Miguel. Tamén fixeron a travesía Carol, Guille e Dani.



Valporquero

## 7 - 8 outubro: Campamento Social de Espeleoloxía

De campamento social ten o nome, mais as actividades que se fixeron dan a medida de sociais. Ao acercarse o Congreso, había que montar unha exposición sobre a primeira expedición á Cova do Rei Cintolo o sábado, e decidimos realizar o campamento social dacabalo entre O Barco de Valdeorras e Liñares. O sábado saímos moi cedo de Vigo, as dez estabamos no Barco, montamos a exposición e pola noite fomos a Liñares, pasando por Quiroga para ver a proxección de Moncho sobre a súa última aventura nas montañas chinas.... Ao día seguinte uns foron a Cortiñas a revisar uns datos da topo e outros a buscar a cova de Sabulleiros, mais os cogomelos interpuxéronse entre eles e a cavidade e só conseguiron chegar á zona onde se localiza pero non deron con ela. Nesta mestura participaron Emilio, Miliño, Eugenia, Carol, André, Antón e Lourdes.

## 12 a 15 outubro: Campamento Galego de Espeleoloxía e I Congreso Galego de Espeleoloxía.

O mércores saímos de Vigo uns pola tarde e outros pola noite. Participaban membros do noso club na organización do Campamento e tamén do Congreso así que había que estar en O Barco canto antes. Os dous primeiros días realizouse o campamento galego e visitamos Cornatel e a K1-Cubelas, entrando pola K1 e saíndo por Cubelas en bote polo encoro. As nosas felicitacións a Antón por facer esta bonita “travesía”. Durante os días do campamento as exposicións que se montaron para conmemorar os 25 anos da federación e o I Congreso Galego permanecían abertas e foron visitadas por rapaces dos colexios de O Barco, sobre todo o venres, tamén houbo reportaxes televisivos. Pernoctamos no vello Pavillón de Deportes cedido polo Concello. Tamén se realizou una demostración do grupo de socorro nas paredes de Vilardesilva na Serra Enciña da Lastra.

O venres pola tarde era o acto de inauguración do Congreso e para esta hora os membros do club xa eramos máis.

Despois dos actos protocolarios, con charla incluída, o concello invitounos a uns pinchos, o que serviu de cea. Logo, a durmir que a primeira ponencia, moi interesante (espéleo en Cheve-México por Nacho) era ás nove (si, les ben, ás nove da mañá) polo que había que erguerse ás oito da mañá.

O sábado foi día de ponencias, nas que participaron polo noso club Lourdes, Emilio, Daniel, e Antonio e Chito Veiga e de talleres. Houbo de todo, sendo a afluencia de participantes variable ao longo do día. Aproveitamos para visitar os postos que tiñan, ademais de nós, Ártabros e Maúxo.

Pola noite, cea do congreso con sorteo de material. Tocounos a moitos (moitos eramos os participantes do Club), sobre todo gorros a uns e gorros a outros.

Logo de durmir, madrugar, pois había outra ponencia ás nove (outra vez les ben). Máis ponencias do club neste domingo, as de Serafín e Carolina, para rematar a mediodía. Xantar, recollida do Pavillón (enrolar todas as moquetas que puxéramos no chan o mércores), recollida do congreso e... para Vigo (Daniel para Oviedo e Eugenia para Coruña). E, ata outra. Participamos no Campamento Galego 15 espeleólogos do Club e no Congreso 26 entre espeleólogos e acompañantes.



## Espeleonovas

25-26 novembro: xornadas técnicas para membros da EGE



## 21 - 22 outubro: 11 Campamento Social Infantil-Xuvenil de Espeleoloxía.

Imos chamalo só infantil, os xuvenís tiñan todos algunha ocupación. Saímos o sábado ás nove da mañá dende o Club, paramos en O Barco a ver a exposición de paleontoloxía que se inaugurara durante o Congreso Galego e continuamos para o refuxio de Cobas. Chovía. Distribuímonos as funcións, uns a mercar comida, outros a preparar material para cavidade... e despois de comer e ver uns vídeos de cavidades para darlle tempo a chuvia a que se fora, decidimos saír para cavidade á zona de Zorra e Despiste. Antes recorremos unha pequena cavidade á beira do camiño. Unha vez na cova da Zorra recorrémola en varios grupos dispersos pola cavidade e saímos xa de noite. O camiño de regreso fixémoslo pola pista que vai a Vilardesilva ata dar co camiño de Cobas, saboreando a noite escura e sen chuvia. O domingo amance con moita choiva e segue toda a mañá o que non permitiu facer nada no exterior converténdose nunha mañá de reivindicación dos



pequenos a facer o que querían e provocando aos maiores e os maiores reprimindo aos pequenos e impondo a súa orde. Ao final sorteo material onde os rapaces non perdían detalle. Ata se sorteo as tarefas de recollida-varrida-fregona do refuxio. Regresamos despois de xantar e recoller material e o refuxio, chegando ás oito a Vigo. Agradecemos a colaboración de Ana, que con esas dotes culinarias obsequiounos cunha comida distinta e ben boa, dous pratos, ¡o nunca visto!, e tamén a Chus e Camilo. A anécdota estivo marcada polo “abandono e rescate” de tres benqueridos maiores que deixamos nunha boca da cova, de noite, sen luz para poder volver ao refuxio, ¡xa non sabemos o que facer para crear atención...!, iso si, deixámoslle auga e galletas. Neste campamento participaron dez “cachorros” entre 8 e 12 anos que esta fin de semana andaban eléctricos.

A Sección

*Edita: Club Montañeiros Celtas.  
Dirección, deseño e maquetación: José López Pérez "Sechu".  
Normalización lingüística: Enrique González Cameselle.*

*Colaboran neste número:*

*Chito Veiga, Carmen Fernández, Conchi Barciela, Federico Rodríguez Prieto, Elena Fernández Fernández,  
Xabier Balado García, Carolina Rodríguez Domingo, Miguel Caramés e Lourdes Castiñeira.*

Club Montañeiros Celtas non comparte, necesariamente, as opinións dos seus colaboradores.

Impreme: Garpe. Depósito Legal: VG:40-1998. Impreso en papel reciclado.

Subvencionado pola  
Presidencia da Xunta  
de Galicia.  
Secretaría Xeral de  
Política Lingüística.



**XUNTA DE GALICIA**  
**PRESIDENCIA**  
Secretaría Xeral de Política Lingüística



Colabora  
Concello de Vigo  
- Área de  
Participación  
Cidadá

## VINDEIRAS ACTIVIDADES

MES	DÍAS	LUGAR	ACTIVIDADE	ORGANIZA
<b>N O V E M B R O</b>	18	A Coruña	Campionato Galego de Escalada de Dificultade	FGM - S.D. Ártabros
	19	Castrolobreiro	Sendeiro tranquilo. Pena de Anamao	S.D. Sendeirismo
	19	Cangas	Recorrido polo Morrazo	S.D. Bici de Montaña
	24	Local Social	Proxección vídeo dixital "Escaladas en Yosemite e Alpes"	S.D. Escalada
	25	Ourense	Inmersión en auga doce	S.D. Actividades Subacuáticas
	25-26	A Seara (Caurel)	Marcha Infantil de Outono. Ascensión ao Formigueiros	S. Infantil
	25-26	Mondoñedo	Xuntanza Técnica	FGE - EGE
<b>D E C E M B R O</b>	6-7-8-9-10	(Álava)	Montaña Vasca e Navarra	S.D. Montañismo
	15	Local Social	Votacións a Presidente do Club (se procede)	Xunta Electoral
	16-17	Ría de Vigo	Inmersión nocturna	S.D. Actividades Subacuáticas
	17	Caminha	Sendeiro tranquilo. Circular de Caminha	S.D. Sendeirismo
	20	Local Social	Festa Infantil de Nadal	S. Infantil
	21	Casa do Libro (Vigo)	V Concurso de Fotografía de Montaña. Entrega Premios e Homenaxe.	S. Cultura e M. Ambiente.
22	Local Social	Festa Fin Temporada	S. Actividades Sociais	

### CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

w Avda. Camelias 78, Oficina K. 36211 - Vigo

w Apartado de Correos 1836. 36200 - Vigo

w Teléfono: 986 438 505 - Fax: 986 912 220

w Internet: [www.celtas.net](http://www.celtas.net)

w Correo electrónico: [info@celtas.net](mailto:info@celtas.net)

w Horario: 19.00 h - 21.30 h, de martes a venres